

A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES



A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Préstamos 03/2023 Plataforma ELBE.2


Top 10 de títulos más consumidos y materias

Top 10 de Títulos Consumidos:

- **Invisible - EBOOK** ha sido consumido 842 veces
- **Escarlatina a cociñeira defunta - EBOOK** ha sido consumido 683 veces
- **22 segundos - EBOOK** ha sido consumido 305 veces
- **Mentira Premio Edebé Juvenil 2015 - EBOOK** ha sido consumido 284 veces
- **O misterio de Portomarín - EBOOK** ha sido consumido 237 veces
- **Astérix e os normandos - EBOOK** ha sido consumido 219 veces
- **Cósmico o bombeiro galáctico - EBOOK** ha sido consumido 208 veces
- **Esmeraldina a pequena defunta - EBOOK** ha sido consumido 203 veces
- **Animalia 4 Gris - EBOOK** ha sido consumido 187 veces
- **Astérix en Italia - EBOOK** ha sido consumido 178 veces

A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Libros máis lidos por xénero nos clubs de lectura. Curso 21/22



A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Libros máis lidos Clubs de lectura Curso 21/22

Obras máis lidas no curso 21/22

Obra	Autor/a	Galego	Castelán	Inglés	Total
Golpes de luz	Ledicia Costas	38	0	0	38
Invisible	Eloy Moreno	0	31	0	31
Identidade	Nee Barros	23	0	0	23
22 segundos	Eva Mejuto	22	0	0	22
Senlleiras	Antía Yáñez	21	0	0	21
Escarlatina, a cociñeira defunta	Ledicia Costas	20	0	0	20
Virtudes (e misterios)	Xesús Fraga	17	0	0	17
O neno do pixama a raías	John Boyne	9	6	1	16
Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta	Ledicia Costas	16	0	0	16
Memoria do silencio	Eva Mejuto	15	0	0	15
A balada dos unicornios	Ledicia Costas	15	0	0	15
A cidade do átomo	Iria Misa	15	0	0	15
A señorita Bubble	Ledicia Costas	15	0	0	15
Subnormal	Fernando Llor	15	0	0	15
A folla azul	Andrea Maceiras	15	0	0	15
Os nenos da varíola	María Solar	14	0	0	14
O soto dos catro ventos	María Oruña	14	0	0	14
Mentira	Care Santos	14	0	0	14
O achado do castro	Manuel Núñez Singala	13	0	0	13
Cartas de inverno	Agustín Fdez Paz	13	0	0	13
Plan de rescate	Antía Yáñez	13	0	0	13
Heartstopper 1. Dos chicos juntos	Alice Oseman	0	13	0	13
O curioso incidente do can á medianoite	Mark Haddon	7	3	2	12
O pacto do letargo	Miguelanxo Prado	12	0	0	12
O que sei do silencio	Andrea Maceiras	12	0	0	12

A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Autores/as máis lidos/as Clubs de lectura Curso 21/22

Autores/as máis lidos nos Clubs de lectura Curso 2021/2022		
Nº orde	Autor	Total
1	Ledicia Costas	151
2	Agustín Fernández Paz	71
3	Antía Yáñez Rodríguez	55
4	Eva María Mejuto Rial	48
5	Andrea Maceiras Lafuente	42
6	Eloy Moreno	41
7	Care Santos	40
8	María Reimóndez	37
9	Jordi Sierra i Fabra	34
10	Manuel Núñez Singala	32
11	Francisco Castro	31
12	Arantza Portabales	31
13	Iria Misa	30
14	Roald Dahl	30
15	Carlos Negro Romero	28
16	Agatha Christie	23
17	Nee Barros	23
18	Domingo Villar	22
19	Manuel Rivas	22
20	Fina Casalderrey	22
21	Fran Alonso	22
22	Laura Gallego García	22
23	John Boyne	20
24	Marilar Jiménez Aleixandre	19
25	Alice Oseman	19
26	Fernando Llor	19
27	María Solar	19
28	María Oruña	19
29	María Canosa	18
30	Pere Tobaruela	18
31	Paco Roca	18
32	Xesús Fraga	17
33	Carlos Ruíz Zafón	17
34	Rosa Aneiros	17
35	Berta Dávila Fernández	17

PREMIOS CLUBS DE LECTURA

- Agustín Fernández Paz (2015)
- Ledicia Costas (2016)
- Miguelanxo Prado (2017)
- Carlos Negro (2018)
- María Reimóndez (2019)
- Andrea Maceiras (2020)
- Eva Mejuto (2021)
- Antía Yáñez (2022)

A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Selección de libros fundamentais da LIX: 15 anos PLAMBE



Recollemos nesta guía 15 anos de LIX galega unha selección dos libros que tiveron unha maior presenza nas bibliotecas escolares galegas nestes primeiros quince anos do PLAMBE, que acompañaron ao alumnado galego no seu paso pola escola e polo instituto neste período e que, finalmente, teñen o recoñecemento das lectoras e dos lectores galegos. É froito da nosa observación e da colaboración con profesorado responsable de bibliotecas escolares que quixeron contribuír coa súa escolla. Non están todos pero todos os que están son referentes de lectura e forman parte do imaxinario do lector e da lectora que foi medrando xunto coa rede de bibliotecas escolares galegas. A dificultade de seleccionar 15 títulos, a nosa primeira intención, levounos a un documento máis amplo no que se recollen, tamén, os títulos que tiveron recoñecemento a nivel galego, a nivel estatal e a nivel internacional.

[Enlace](#)

A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Outras seleccións

- **Lista de Honra Ibbby**

- 1) *Iridium*. Francisco Castro (2021) (Lista do Centro IBBY de Documentación para Nenos con Dificultades Especiais)
- 2) *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*. Antón Fraga (2022)
- 3) *Plan de Rescate*. Antía Yáñez (2023) ((Lista do Centro IBBY de Documentación para Nenos con Dificultades Especiais)

- **White Ravens**

- 1) *Santoamaro*. Antón Fraga (2021)

- **Premio Lazarillo**



- 1) *A lebre mecánica*. Leticia Costas (2021)

Constelación literaria M^a Victoria Moreno 2018



A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Constelación literaria M^a Victoria Moreno 2018



A NARRATIVA: UN XÉNERO CONSOLIDADO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Recomendacións temáticas

Rede Lectura

Compartindo libros e lecturas

18/01/17

Libros e arte urbana: *Avións de papel* de Xavier Estévez e Reo de Xesús Fraga



Xerais vén de publicar *Avións de papel* de Xavier Estévez, con ilustracións de Marcos Viso. Esta novela foi finalista do Premio Merlín 2016.

Destinada a lectores expertos, conta a historia de Lucas e Sara, que se coñecen por uns avións de papel. Esta amizade irá forxándose polo gusto de ambos pola lectura, pola escritura, polo debuxo, reivindicando a presenza e calidade da arte urbana (murais e graffitis), a través do enigmático personaxe de Hopper.



No epílogo, o autor introdúcenos na arte urbana facendo un percorrido histórico e presentando a algún artista como Powone. Ademais inclúe algunhas imaxes de murais e graffitis da cidade de Vigo e doutros lugares de Galicia.

Imprescindible na biblioteca escolar para pór de relevo a arte urbana, a poesía e por facer un alegato a favor da inclusión.

O mundo do graffiti xa aparecía na novela de Xesús Fraga, *Reo*, premio Raiña Lupa 2013, destinada a un público xuvenil e publicada pola Editorial Galaxia. En palabras de Ramón Nicolás (*Cademo da Crítica*), "As razóns do acerto desta novela son ben diversas. Unha delas é que se introduce, por vez primeira no xénero e entre nós, no universo graffiteiro e faino acudindo a unha sorte de caderno de bitácora a través do cal Reo é quen de contar as súas propias experiencias vitais e describir o mundo que o rodea, sen obviar unha ollada realista sobre o tempo de incertezas que atravesa".



BIBLIOTECA ESCOLAR, territorio das artes



A rede de bibliotecas escolares galegas, a proposta desta asesoría, vai seleccionar títulos de ficción e de información, así como outros recursos de interese (películas, música, espazos web,...) en relación co lema proposto este ano: BIBLIOTECA ESCOLAR, territorio das artes. Iniciamos este percorrido con catro títulos de referencia na LIX galega de temática artística, que se poden incluír nas lecturas dos Clubs, nos itinerarios lectores ou ben como recomendacións da biblioteca.

O retrato de Bia de Médicis, pintado por Bronzino, inspira *O arminho dorme* de Xosé Neira Cruz, publicado en Galaxia e Premio Raiña Lupa 2002. Tamén nesta editorial e tamén co mesmo premio na edición de 2013 está *Reo*, de Xesús Fraga, que nos fala da arte urbana cun graffiteiro como protagonista.

O pintor do sombreiro de malvas de Marcos Calveiro, publicado en Xerais e que foi Premio Lazarillo entre outros galardóns, recrea os últimos días do pintor Van Gogh.

Por último, unha das múltiples homenaxes que fai Agustín Fernández Paz ao cine: *Fantasmas de luz* publicado en Xerais no ano 2011.

Rede Lectura

Compartindo libros e lecturas

29/03/19

Historias para rirmos: *Orestes perde o sentido!* e *O raposo aviador* que voa sen motor

As historias que presentamos teñen en común a comicidade, tan demandada polo usuarios e usuarias das nosas bibliotecas.

Orestes perde o sentido!, de Rosa Aneiros, ilustrado por Kiko Da Silva, é unha novidade da colección Sopa de Libros de Xerais.

Esta historia chea de aventuras, que ten como protagonistas a Orestes e a súa irmá pequena que andan na procura dun osiño de peluche, recomenda aos máis novos coñeceren as normas de circulación viaria.



Tamén na colección Merlín, de Xerais vén de publicarse *O raposo aviador que voa sen motor*, de Antonio Reigosa con ilustracións de Laura Cortés.


Destinada para primeiros lectores, este libro conta a divertida historia de Paquiño, o primeiro raposo que se fixo aviador.

A LIX nas bibliotecas escolares

Recomendacións lectoras

CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño)

5º E 6º




TRECE AVISOS:
CONTOS PARA LER
POLA NOITE.
Paula Carballera
Ed. Xerais

Estes son contos para ler de noite, se te atreves.

A FERROZ
ENCICLOPEDIA
DE LOBOS
Aurence Kubler

Id. Anaya
Este feroz catálogo presenta a 25 lobos a súa cor.



SUPER PATACA:
VIAXE Á IDADE
MEDIA
Artur Laperla
Bang edicións

Super Pataca viaxa ata Idade Media....

PARA LER E FACER



¿CÓMO COMO?
Patricia Geis Conti
Ed. Combel

Por que comemos? Como afecta o que comemos a nosa saúde? E ao planeta?

DIBUJAR MANGA
EN 10 PASOS
Chie Kutsukawa
Ed. Librero

Aprenderás os conceptos básicos para debuxar manga



ATLAS DE AVENTURAS:
OCÉANOS
Emily Hawkins
Ed. Flamboyant
Detallada descripción ilustrada dos océanos, os seres que os habitan e proezas subacuáticas.

FELICES LECTURAS



Decembro 2022

INFANTIL



LA VIDA SECRETA DE LOS DIENTES
Mariona Tolosa
Sistère
Ed. Zahori

Os dentes son todo un misterio...



OSO BANDA
O Hematocritico
Ed. Xerais

À Oso banda só lle gustan as cousas brancas e negras. Ou iso parece... Un conto de humor sobre como facer equipo.



EL DELFIN Y LA LUNA
Marta Canellas
Ed. Bellaterra música

Conto-cd que fala do desexo dun pequeno golfinho de ter a Lúa.

1º E 2º



MARES E OCÉANOS
Gisela Socolovsky
Editorial susaeta.

Aquí atoparás respostas as túas preguntas sobre os océanos.

MI AMIGO RAMTAMTAM
Helme Heine
Ed. Anaya

Un neno soña todas as noites con grandes aventuras e con fantásticos tesouros... E de pronto... a gran aventura chama a súa porta.



AXENTE RICINOS:
MISIÓN PRINCESA
El Hematocritico
Ed. Xerais

Tranquilas, princesas, Axente Riciños regresa para salvarvos.

3º E 4º



HOLA FARO
Sofie Blackall.
Lata de sal editorial.

Unha investigación macabra e divertida na noite de Samain

LA ABRACADABRANTE
ENCICLOPEDIA DE
BRUJAS Y BRUJOS
Bernard Villiot
Ed. Anaya

Este asombroso catálogo presenta a 25 bruxas e bruxos inolvidables.



OS MINIMORTOS:
AI QUE RISA!
Leticia Costas.
Ed. Xerais

Vive unha nova aventura no Outro Barrio na compañía dos Minimortos.

A LIX nas bibliotecas escolares

Podcast

CEIP Doutor Fleming (Vigo)



A LIX nas bibliotecas escolares

CLUB DE LECTURA CEIP de Petelos (Mos)

<https://bibliotecaceippetelos.blogspot.com/2022/07/booktrailers-creados-polo-alumnado.html>



A biblio de Petela
@PetelaBiblio

No obradoiro de booktrailers o alumnado tiña que elixir un libro para realizar a súa creación en equipo. Pablo Rodríguez, Alejandro e Martín elixiron "Bruxa e familia" de Paula Carballeira.
@PetelaBiblio #bescolaresgal @paulacarballei1 @somosgingko
#VoluntariadonaBE @loqueleo_es



A biblio de Petela
@PetelaBiblio

Club de lectura 📖. Recibimos e conversamos en #bibliopetela con... Paula Carballeira en torno a "Bruxa e familia". Que sorte poder coñecer os autores dos libros que lemos, fantástica Paula. @PetelaBiblio #bescolaresgal #clubdelectura @paulacarballei1 @LoQueLeoSanti



A LIX nas bibliotecas escolares
Clubs de lectura
IES Xelmírez I (Santiago de Compostela)



Biblioteca Xelmirez 1 on Instagram: "📖 Ao club de 3ESO motivounos tanto a lectura de "Europa..."

38 Likes, 2 Comments - Biblioteca Xelmirez 1

www.instagram.com

A LIX nas bibliotecas escolares

Encontros con autores/as - Roteiros literarios IES de Brión - IES de Valadares (Vigo)

mércores, xuño 22, 2022

ROTEIRO SEGREDOS NO SOLPOR E VISITA A LIBRAIDA

Rematamos o curso co mellor sabor de boca posible: un roteiro literario da man do último libro deste ano: *Segredos no Solpor* de Iria Misa.

Visitamos os lugares que aparecen na obra e que, inda que nela a vila recibe o nome de Bico, non son máis que un compendio de Baiona e Sabarís, recunchos que forman parte da vida da escritora, Iria Misa. E fomos lendo as súas descrições nas distintas paradas:



Moitas grazas!

pazpereiro@edu.xunta.gal

bibliotecasescolares@edu.xunta.gal